

Todas as funcións representaranse ás 20:30 h.

Tarifas:

- **Tarifa Incendios**
26,00 - 22,00 - 18,00 y 12,00 €
- **Tarifa Especial**
21,50 - 15,00 - 13,00 - 9,50 €
- **Tarifa A**
18,00 - 14,00 - 11,00 - 8,50 €
- **Tarifa B**
14,00 - 10,00 - 8,00 - 6,50 €

Carné xove, + 65 anos, desempregados: -20%

Os abonados do Ciclo Principal Primavera 2017 poderán disfrutar dun desconto do 25% no precio das localidades das estreas dos seguintes espectáculos

17.02.2017: **Tropical**. Elefante elegante
22.04.2017: **Castrapo**. Os nágrafos
28.04.2017: **Green**. Cia. Patricia Ruz

Máis información:



e na web:
www.coruna.es/cultura

Venda de billetes >

• Despacho de billetes da praza de Ourense de luns a venres, agás festivos, de 9:30 a 13:00 h. e de 16:30 a 19:30 h

• Despacho de billetes do Teatro Rosalía Castro aberto só os días de función de de 16:00 a 20:00 h.

• Televenda: 902 044 226
Luns a venres de 9:00 a 22:00 h.
Sábados de 14:00 a 22:00 h.
Domingos de 16:00 a 21:00 h.

• web: <https://ticketea.com>
(servizo permanente 24 h.)

Pagos >

• Despacho de billetes da Praza de Ourense, do Teatro Rosalía Castro e televenda con tarxeta de débito ou crédito excepto American Express.



21
ABRIL



VENRES 21 / ABRIL
Producción de **YSARCA**
en coproducción con el
Teatro de la Abadía

INCENDIOS
De **Wajdi Mouawad**



A infancia é un coitelo clavado na garganta

Tras permanecer nun silencio hermético durante cinco anos, falece unha nai, interpretada por Nuria Espert, que deixa un sobre a cada un dos seus fillos xemelgos. A partir de aí, somos testemuñas da procura das pegadas dunha vida marcada pola guerra e o desamparo, en que a traxedia política e a humana entrelázanse nun estremecedor relato.

Wajdi Mouawad logrou con esta obra "incendiar" o corazón do público de moitos países cunha intensidade que non ten parangón. "Mouawad é un incendiario, pero das fabulosas aves fénix que renacen das súas cinzas. *Incendios* fala dese renacer, de lumes que ás veces

hai que sementar, do terrible camiño que a miúdo fai falta percorrer para chegar a un mesmo."

Reperto >

Nuria Espert Nawal
Laia Marull Nawal Joven
Carlota Olcina Jeanne
Álex García Simon
Ramón Barea Hermile Lebel
Alberto Iglesias Antoine
Lucía Barrado Sawda
Edu Soto Nihad

Equipo artístico/técnico >

Dirección **Mario Gas**
Escenografía **Carl Fillion**
Iluminación **Felipe Ramos**

Duración estimada >

190 minutos (con 15' descanso)

Entradas > Tarifa Incendios

VENRES 05 / SÁBADO 06 / MAIO

Startist Producciones
en coproducción con
Hiperbólica Producciones

UNA HORA EN LA VIDA DE STEFEN ZWEIG
De **Antonio Tabares**

Na tarde do 22 de febreiro de 1942, no seu exilio brasileiro, o famoso escritor austriaco, Stefan Zweig, quitouse a vida en compañía da súa segunda esposa e secretaria, Lotte Altmann, 25 anos máis novo ca el.

Unha hora na vida de Stefan Zweig recrea, en clave de ficción, os últimos momentos do autor de *Carta dunha descoñecida*. Mentres o matrimonio Zweig

05/06
MAIO



prepara, con calculada meticulosidad, todos os detalles do seu suicidio, un exiliado xudeu, recentemente chegado de Europa, preséntase na casa. Quen é este estraño e inoportuno visitante? Cal é o seu segredo? É realmente xudeu ou un axente ao servizo dos nazis? E, sobre todo, por que mostra ese indisimulado interese por unha lámina de William Blake que durante anos pertenceu a Stefan Zweig?.

Reperto >

Roberto Quintana Stefan Zweig
Celia Vioque Lotte Altmann
Iñigo Nuñez Fridman

Equipo artístico/técnico >

Dirección **Sergi Belbel**
Espazo escénico **Max Glaenzel**
Iluminación **José Luis Palomino**
Vestuario **Carmen de Giles**

Duración estimada >

88 minutos (sen intermedio)

Entradas > Tarifa B

MARTES 16 / MÉRCORES 17 / MAIO

Contraproduccións, SL

O TOLLEITO DE INISHMAAN

De **Martin McDonagh**

Podería ser unha aldea galega pero é unha pequena illa irlandesa. Anos 30. Personaxes curiosas, pintorescas, características... Seres máis ou menos adorables, máis ou menos odiosos que, nun mundo física e humanamente isolado, viven as súas vidas cativas como poden e como saben. Entre eles un tolleito, un ser desfavorecido que ten unha arela que para el semella extremadamente difícil: transcender ese ámbito cerrado que está obrigado a habitar; un evado que persegue un soño que nel parece empresa imposible: ser amado e valorado como calquera outro. Un espectáculo de gran formato (8 actores de prestixio, potente escenografía, música emocionante, iluminación atractiva) no que o público se sentirá atrapado polo humor e a tenrura dun teatro tan entrañable, tan noso, coma o irlandés.

Reperto >

Evaristo Calvo / Ana Santos / Ricardo de Barreiro / María Roja / Luis Iglesia / Santi Romay / Marcos Pereiro / Susana Dans

Equipo artístico/técnico >

Dirección e adaptación **Cándido Pazó**
Escenografía e vestuario **Carlos Alonso**
Deseño iluminación **Afonso Castro**

16/17
MAIO



Duración estimada >

113 minutos (sen intermedio)

Entradas > Tarifa B



VENRES 26 / SÁBADO 27 / MAIO

Coproducción de, **Avance Producciones Teatrales, Entrecajas Producciones Teatrales y García Pérez Producciones**

EL CARTÓGRAFO

De **Juan Mayorga**



Na Varsovia dos nosos días, Blanca oe a lenda do cartógrafo do gueto.

Segundo esa lenda, un vello cartógrafo empeñoise, mentres todo morría ao seu redor, en debuxar o mapa daquel mundo en perigo; pero como as súas pernas xa non o sostían, como el non podía buscar os datos que necesitaba, era unha nena a que saía a buscalos para el.

26/27
MAIO



Blanca tomará por verdade a lenda e lanzarase á súa vez, obsesivamente, á procura do vello mapa e, sen sabelo, á procura de si mesma.

"El cartógrafo es una obra – un mapa – sobre esa búsqueda y sobre aquella leyenda.

El teatro es cartografía. Como en el mapa, en el escenario todo debe responder a una pregunta que alguien se ha hecho. Como en el mapa, en el escenario lo más importante es decidir qué se quiere hacer visible y, por tanto, qué se deja fuera. En el escenario, como en el mapa, siempre se toma partido."
Juan Mayorga

Reperto >

Blanca Portillo
José Luís García-Pérez

Equipo artístico/técnico >

Dirección **Juan Mayorga**
Escenografía e Vestiario **Alejandro Andujar**
Iluminación **Juan Gómez Cornejo**

Duración estimada >

130 minutos (sen intermedio)

Entradas > Tarifa E

TEATRO
ROSALÍA CASTRO
[A CORUÑA]





20/21
XANEIRO

VENRES 20 / SÁBADO 21 /
XANEIRO

Producciones Teatrales
Contemporáneas, SL

TIERRA DEL FUEGO
De Mario Diament



Inspirada nun feito real, "Tierra del Fuego" conta a historia dunha ex azafata israelí, vítima dun atentado no que resultou ferida e o seu mellor amiga morta. 22 anos despois decide visitar e encontrarse co terrorista autor do atentado, que está detido nunha prisión de Londres, condenado a cadea perpetua.

O relato propón reflexionar sobre a necesidade de escoitar a historia do outro, do inimigo, como condición necesaria para iniciar un diálogo. E comezar a esbozar a paz e a convivencia pacífica como posibilidade. Unha proposta para reflexionar sobre as causas e consecuencias da violencia política militar no noso tempo, no Medio Oriente, nunha das zonas máis quentes do planeta.



27/28
XANEIRO

Reperto >
Alicia Borrachero / Ben Temple /
Abdelatif Hwidar / Juan Calot /
Malena Gutierrez / Hamid Krim

Equipo artístico/técnico >
Escenografía e vestuario

Elisa Sanz
Iluminación
Juan Gómez Cornejo
Dirección
Claudio Tolcachir

Duración estimada >
80 minutos (sen intermedio)

Entradas > Tarifa E



VENRES 27 / SÁBADO 28 /
XANEIRO

Eme2 Produccións

GET BACK

De Diego Ameixeiras



Saben de onde veñen pero
non cara onde van.

Son cinco e van nun vagón de metro. Son cinco e teñen moitas cousas en común. Pero eles non o saben. Aínda. Saben que van no mesmo vagón de metro. Saben de onde veñen, pero ningún está moi seguro de cara a onde vai. Son xente normal e están en Londres.

O proceso de construción desta comedia comeza cunha investigación sobre os londoners (nome que se dan a si mesmos os galegos que viven na capital británica). A achega a esta realidade permítonos ir construíndo, mediante un modo de traballo cooperativo, un proxecto sólido que reflicte, en certo modo, a realidade fraccionada da Galicia contemporánea.

Reperto >
Alfonso Agra
Federico Pérez
Tamara Canosa
Miguel Guido
Mercedes Castro

Equipo artístico/técnico >
Idea orixinal

Camilo Franco
Deseño Iluminación
Afonso Castro
Dirección
Jorge Coira

Duración >
80 minutos (sen intermedio)

Entradas > Tarifa B



10/11
FEBREIRO

VENRES 10 / SÁBADO 11 /
FEBREIRO

Compañía Nacional de Teatro Clásico

EL PERRO DEL
HORTELANO

De Lope de Vega



Encadrada unhas veces na comedia palatina, outras na comedia urbana, o certo é que se trata dunha comedia única, con grande personalidade e que destaca pola construción das personaxes, pola beleza dos seus parlamentos e pola orixinalidade da súa estrutura.

Lope obra o proxidio de compoñer unha comedia labrada meticulosa e profundamente, mediante uns recursos espazo-temporais, de linguaxe e versificación, de contexto e de procedementos serios, cómicos e fantásticos que a fan navegar, unhas veces, con enorme brío, outras coa calma e o lirismo de sentir, dubidar, temer...atravesando os recunchos máis ocultos e humanos da experiencia de educación sentimental.

Fermosa, tenra, divertida, escura, luminosa, vibrante, bruta, triste, alegre, aristocrática e popular, esta comedia atrápanos desde o primeiro momento, cando vemos a esa muller, Diana, loitando torpemente por saír do cárcere de ouro na que foi encerrada.
Helena Pimenta

Reperto >
Teodoro Rafa Castejón / Tristán Joaquín Notario / Diana Marta Poveda / Fabio, Lirano Álvaro de Juan / Otavio, Furio, Camilo Óscar Zafra / Anarda Nuria Gallardo y Paula Iwasaki / Dorotea Alba Enriquez / Marcela Natalia Huarte / Marqués Ricardo Paco Rojas / Celio, Chapas Egoitz Sánchez / Conde Federico Pedro Almagro / Leónido, paje Alfredo Noval / Amor, Antonello Alberto Ferrero / Conde Ludovico Fernando Conde

Música en off Olesya Tutova (piano)

Equipo artístico/técnico >
Iluminación
Juan Gómez-Cornejo
Escenografía
Ricardo Sánchez Cuerda
Dirección
Helena Pimenta

Duración estimada >
110 minutos (sen intermedio)

Entradas > Tarifa E



03/04
MARZO

VENRES 03 / SÁBADO 04 /
MARZO

Rafael Álvarez El Brujo

TERESA O EL SOL
POR DENTRO
de Rafael Álvarez



O meu proxecto para este espectáculo é un recital coas composicións poéticas de Santa Teresa máis significativas, sobre as notas sostidas dun só instrumento: un violín aberto ao oído cara ao son secreto escondido, ao asalto do "castelo interior". O violín predispón e roza o camiño. A poesía fai o resto.

Pero non só iso. Debería haber outra parte, ou contraparte, tomada da sustancia da biografía pero pasada pola peneira da juglaría: os episodios escollidos da biografía teatralizados e intercalados cos poemas. Para lograr o equilibrio entre estas dúas forzas contamos coa inestimable axuda do Espírito Santo. É dicir, o humor, que como corrente eléctrica vivifica, desposúe, limpa e, posto no seu sitio, conduce cara a outros propósitos.
Rafael Álvarez 'El Brujo'



08
MARZO

Reperto >
Rafael Álvarez 'El Brujo'

Equipo artístico/técnico >
Deseño de Iluminación
Miguel Ángel Camacho
Escenografía
Equipo Escenografía PEB
Dirección
Rafael Álvarez

Duración estimada >
90 minutos (sen intermedio)

Entradas > Tarifa A

MÉRCORES 08 / MARZO

Teatro do Atlántico

HELENA XUÍZO
A UNHA LURPIA
De Miguel del Arco



Nese espazo no que a nosa memoria a converte en INMORTAL, atopámonos con Helena de Troia, "a bela Helena", a filla de Zeus e Leda, a esposa de Menelao, a

amante de Paris. Estamos no século XXI. Helena xa non é "a bela Helena", senón unha muller con certos signos que nos falan do implacable paso do tempo; malia iso mantense posuidora dunha enerxía desbordante, habitando nunha especie de tobogán emocional transitado polos intensos episodios da súa travesía vital, na que se mesturan a dor da nena violada por Teseo coa dor da esposa obrigada por Menelao; a paixón da amante namorada do fermoso Paris, co desafío e o rancor par con Zeus, o seu divino pai; a ironía ao redor de moitos dos seus contemporáneos –Aquiles, Ulises–, coa impotencia diante da crueldade da guerra...
"Quen escribe a historia?".

Reperto >
María Barcala

Equipo artístico/técnico >
Escenografía
Antonio F. Simón
Dirección e deseño de Iluminación
Xúlio Lago

Duración estimada >
60 minutos (sen intermedio)

Entradas > Tarifa B

VENRES 17 / MARZO

Teatro Nacional Negro de Praga

A FRAUTA MÁXICA
De Mozart
(espectáculo para todos os públicos)



Mozart cobra vida no personaxe do príncipe TAMINO da ópera A Fruits Máxica. O príncipe Tamino perseguido por unha serpe, entra nos dominios da Raiña




17
MARZO

da Noite, que se lle aparece ensinándolle un retrato da súa filla Pamina, secuestrada polo malvado Sarastro. Tamino namórase ao ver a imaxe da rapaza, entón A Raiña promete cederlle a man da súa filla coa condición de que a rescate. Tamino xunto con Papageno, home-paxaro, entra no territorio de Sarastro, pero axiña se dá conta de que quen encarna realmente o mal é a Raiña e non Sarastro. Pero para afastarse da Raiña coa súa amada ha de superar unha serie de probas, unha vez superadas os amantes reúnen e o ben triunfa sobre o mal.

Reperto >
Pavel Marek
Jiri Marik
Kristyna Markova
Elisa Kolarova
Robert Rebernak
David Dvorak
Simona Gendelinova
Actores en negro: Peter Boyd / Jan Kuzelka / Veronika Miklova

Equipo artístico/técnico >
Grabación Musical
Orquesta Operística De Praga
Director
Pavel Marek



24/25
MARZO

Duración estimada >
85 minutos (con 15' de descanso)

Entradas > Tarifa A

VENRES 24 / SÁBADO 25 /
MARZO

Unahoramos producciones SL
en coproducción co Festival de
Teatro de Manizales (Colombia)



LOS MALDITOS
De Antonio Lozano

Aida era unha prostituta, unha africana sen papeis cuxa morte violenta non parece importarlle a ninguén... excepto a Malika, a súa amiga, que sabía que soñaba con fuxir. Non, Malika non pode esquecer. Por iso arrastra ao seu noivo Dieudonné e ao seu amigo Armando a investigar o asasinato, ante a aparente pasividade da policía. Pero non será fácil: Dieudonné quere esquecer o seu tráxico pasado e Armando está inmerso na realización dun ambicioso documental.

As traxedias humanas que Armando denuncia no seu documental están máis preto do que cre, e o rastro da morte de Aida conduce a unha rede de corrupción e violencia que poñerá en perigo as súas vidas.

Reperto >
Gustavo Saffores
Emilio Buale
Soraya G. del Rosario
Quique Fernández

Equipo artístico/técnico >
Dirección e espazo escénico:
Mario Vega
Deseño de iluminación
Ibán Negrin
Interpretación musical
Orquesta Universitaria
Maestro Valle de la ULPGC

Duración estimada >
75 minutos (sen intermedio)

Entradas > Tarifa A



VENRES 07 / SÁBADO 08 /
ABRIL

Coproducción de: Grec Festival
de Barcelona 2016, Velvet
Events y Buxman

YO, FEUERBACH
De Tankred Dorst



"Sinto a chamada, algo me leva a plantarme de novo sobre un escenario, un impulso febril. Mesmo estou disposto a aceptar que se me



07/08
ABRIL

convoque para facer unha proba, coma se non me coñecesen, coma se eu fose un principiante!".

Considerado como un dos grandes dramaturgos do teatro europeo das últimas décadas, o alemán Tankred Dorst asinou en 1991 un texto conmovedor sobre todos aqueles que non conseguen ser protagonistas. Cinismo, humor, forza e delicadeza danse a man en *Yo, Feuerbach*, unha certa peza coa que Dorst converte en alegoría da existencia humana a historia dun actor envellecido que, a pesar do seu talento, vese obrigado a loitar por unha segunda oportunidade.

Reperto >
Pedro Casablanc
Samuel Vijuela González

Equipo artístico/técnico >
Director Antonio Simón
Escenografía Eduardo Moreno
Deseño de iluminación Pau Fullana

Duración estimada >
90 minutos (sen intermedio)

Entradas > Tarifa B